



## **RESOLUCIÓN do 8 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se modifica a resolución do 19 de decembro de 2017 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproba o Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira para o ano 2018.**

### **Antecedentes**

O día 28/11/2017 o Presidente do órgano de xestión seguimento e control (Oxesco) da REMIP “Ría de Cedeira”, recibe da confraría de Cedeira, vía correo electrónico, unha petición de incorporación da embarcación MANOLITO 3ª-VI-2-2255 no censo para poder faenar dentro da Remip, achegando as súas características e os datos do propietario/armador, así como a alta na confraría.

Unha vez comprobado que a embarcación é menor de 1,5 GT, que está realizado o cambio de porto base e que o permiso de explotación figuran a nome da mesma persoa, que está dada de alta na confraría de Cedeira e que dispón de modalidades que se poden empregar na Remip, comunicáselle á confraría que o armador debe presentar unha solicitude de incorporación ao censo da Resolución do 19 de decembro de 2017.

O día 02/01/2018 o Presidente do Oxesco recibe, a través da confraría de Cedeira, a mencionada solicitude de incorporación do armador.

O día 30/01/2018 reuniuse, en sesión extraordinaria, o OXESCO da Remip que, no seu punto 3 da orde do día, dispón a actualización do censo.

### **Consideracións legais e técnicas**

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira”, no seu artigo 8 sobre condicións de acceso, apartado 2, establece: *“Para a realización das actividades pesqueiras e marisqueiras profesionais autorizadas na reserva será necesario estar inscrito nun censo específico de titulares dos permisos que os habilite para exercer esas actividades.”*

Asemade, o artigo 9 sobre o censo específico de titulares de permisos, apartado 1, dispón: *“A Consellería competente en materia de pesca elaborará o censo a que se refire o artigo anterior, que será aprobado por resolución da dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo da solicitude da persoa interesada e informe do órgano de xestión, seguimento e control”.*

Segundo o apartado 2 *“será requisitos necesarios para a inscrición no censo:*

- a) A solicitude da persoa interesada.*
- b) Estar en posesión dos permisos que habilitan a embarcación ou persoa para o exercicio da actividade pesqueira ou marisqueira no ámbito da reserva.*
- c) Ter porto base na comunidade autónoma, no caso das embarcacións”.*

E no apartado 3 establece: *“O censo actualizarase por proposta do OXESCO, de acordo cos criterios de habitualidade na zona, as capturas realizadas na reserva e a concorrencia de causas de exclusión. A actualización farase coincidir, preferentemente, coa aprobación do Plan de xestión integral da reserva. En tanto non se acorde a actualización do censo, non se poderán incorporar a el novos titulares de permisos para exercer a actividade pesqueira e marisqueira”.*



O 01/02/2017, o órgano de xestión, seguimento e control emite informe favorable á actualización do censo, coa incorporación da embarcación MANOLITO.

De acordo con todo o anterior,

**RESOLVO:**

Aprobar a modificación do Anexo I Relación de embarcacións con arqueo igual ou inferior a 1,5 GT incluídas no censo de embarcacións da reserva mariña de interese pesqueiro de Cedeira, da Resolución do 19 de decembro da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, incorporando ao mesmo a embarcación MANOLITO 3ª-VI-2-2255, coas modalidades de TRASMALLO e NASA NÉCORA e CAMARÓN.

A embarcación deberá cumprir o establecido no Plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira” aprobado para o ano 2018.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Mercedes Rodríguez Moreda

